

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 26 de abril de 2024 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas para o ano 2024, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG300F).

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa xuntanza do día 10 de abril de 2024, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas para o ano 2024, e facultou a persoa titular da Dirección Xeral do Igape para a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas, financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma e convocalas para o ano 2024 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG300F).

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes, que en ningún caso será inferior a un mes, iniciarase ao día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* desde as 8.00 horas e ata as 14.00 horas do día 15 de setembro de 2024, agás que antes desa data se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Terceiro. Créditos

Os créditos dispoñibles para concesións aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Ano 2024	Ano 2025	Total
09.A1-741A-7700	500.000 €	500.000 €	1.000.000 €
Total	500.000 €	500.000 €	1.000.000 €



Cuarto. Prazos

Prazo de resolución: o prazo máximo para resolver e notificar cada expediente presentado será de tres meses contados desde a data de presentación da solicitude, transcorrido o cal se poderá entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

Prazo de execución dos proxectos: comezará a partir da data de solicitude de axuda e será con carácter xeral de 9 meses desde a data de resolución, sen que, en ningún caso, se poida superar o 30 de xuño de 2025. Para os proxectos cuxo prazo de execución remate antes do 30 de outubro de 2024, o prazo de xustificación será o 30 de outubro de 2024 e, como máximo, o 30 de xuño de 2025 para o resto dos proxectos; as accións realizadas entre o 31 de outubro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 poderán ser imputadas a 2025. Non obstante, de acordo co artigo 45.5 do Decreto 11/2009, as subvencións que abranquen gasto subvencionable executado en 2024 deberán presentar a xustificación nese exercicio con independencia de que o remate das accións subvencionables sexa en 2025.

Prazo de xustificación: coincide co prazo de execución, as persoas beneficiarias das axudas deberán presentar a solicitude de cobramento ata a data límite de execución concedida.

As persoas beneficiarias da axuda poderán solicitar un anticipo de ata o 80 % da subvención, sen que supere o importe da anualidade, marcando para iso o recadro habilitado para tal efecto no formulario de solicitude da axuda.

Quinto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións non requirirá o consentimento do beneficiario.

Sexto. Os requisitos das alíneas c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2024

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica



ANEXO

Bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas para o ano 2024

Neste momento, o Igape, como instituto de impulso ao desenvolvemento empresarial, está a priorizar os dous piares fundamentais no presente e futuro das estratexias económicas: a sustentabilidade e a dixitalización, en liña coas prescricións da UE nesta materia, que se poden observar en diferentes documentos e publicacións como o Circular Economy Action Plan ou tamén os postulados do programa Next Generation EU por unha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.

Son moi salientables as recomendacións establecidas no Circular Economy Action Plan en materia de produtos sustentables e redución de residuos, polo que afectan a industria e as empresas, apostando polo ecodeseño, a circularidade dos procesos e o apoderamento dos consumidores (dereito á reparación, recambios e pezas) no caso dos produtos sustentables, e pola banda dos refugallos: evitar que se produzan, transformalos en materias secundarias de calidade e seguras para o mercado de reciclados e tamén reducir a exportación, tendendo á reutilización *in situ*.

Pola súa banda, a Estratexia galega de economía circular (EGEC) establece como principios básicos para a transición cara á economía circular os 3R (redución, reutilización e reciclaxe) e as estratexias de deseño sustentable (EDS).

Os 3R son principios claramente transversais que se deben aplicar ao longo de todo o ciclo de produción, consumo e xestión dos materiais ao remate da súa vida útil (devolución de recursos ao sistema produtivo). Os 3R orientan a forma de implementar a economía circular na práctica. Se as taxas de reciclaxe (o último dos R) son menores que o fluxo de materiais na produción, a economía circular non será factible.

As EDS inclúen a análise de ciclo de vida, as estratexias de deseño inspiradas na natureza, a bioquímica, e os principios de «berce a berce». Son os catalizadores imprescindibles na fase de deseño de produtos e servizos ecoinnovadores. A medio e longo prazo, as EDS permitirán reducir o consumo de materias primas e enerxía e mellorar a reintrodución dos materiais usados de novo ao sistema, aumentando a eficiencia/eficacia dos dous primeiros R (redución, reutilización) e evitando a xeración de residuos non reciclables.

A EGEC establece oito eixes de actuación (ecodeseño, actividades e modelos de servizo, educación e sensibilización, industria, produción de alimentos, urbanismo, edificación



e obra pública, xestión do ciclo da auga e xestión de residuos). Particularmente, no eixe 4, industria, formula a proposta 4.1.3. Promover un plan de axudas públicas para a creación de novos modelos de negocio circulares nas empresas industriais de Galicia e o fomento das novas empresas.

O Igape, como entidade pública responsable da promoción económica de xeito transversal, recolle os retos establecidos na EGECE para potenciar a implantación de solucións cara á economía circular nas empresas galegas.

Ademais da énfase decidida no impacto ambiental e, nomeadamente, na implantación da economía circular, non se deben esquecer outros principios reitores das boas prácticas empresariais no referente aos investimentos socialmente responsables, que son as relativas á conciencia e impacto social da actividade empresarial e as medidas máis favorecedoras dunha boa práctica de gobernanza nas organizacións.

Por outra banda, respectando a horizontalidade, as axudas inclúen todos os sectores de actividade, agás os que non poden ser apoiados segundo o Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE, no que se amparan as axudas.

Segundo o establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exclúese o réxime de concorrencia competitiva no procedemento de concesión das axudas. As subvencións outorgaranse a aqueles solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases ata o esgotamento dos créditos habilitados, o que, de ser o caso, se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover proxectos de carácter ambiental, social e de gobernanza nas pemes e a necesidade de incrementar estas prácticas de modo extensivo no empresariado galego, de xeito que se poidan aprobar todos os proxectos que, cumprindo os requisitos especificados nestas bases se poidan levar adiante en Galicia. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables e, se é o caso, financiáveis poidan ser atendidos en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito estendido.

En aplicación do disposto na Lei 18/2022, de creación e crecemento de empresas, que modifica o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nestas bases incorpórase a obri-



ga para as empresas de cumprir os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para poder ser beneficiarias de subvencións de importe superior a 30.000 €.

Artigo 1. *Obxecto e requisitos dos proxectos*

1. Estas axudas van destinadas á posta en marcha de proxectos para o desenvolvemento e mellora de factores ASG (ambientais, sociais e de gobernanza) nas pemes, cuxa finalidade sexa o desenvolvemento e implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, semielaborados e produtos finais, acadando reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía e diminucións na xeración de refugallos ou subprodutos, coa tendencia de converter os refugallos en recursos de uso noutros procesos produtivos; e tamén aquelas actuacións dirixidas a desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza nas organizacións.

Os proxectos poderán ser de dúas modalidades:

a) Proxectos individuais en que unha peme aborda medidas de impacto nos factores ASG, especificamente deseñadas ou desenvolvidas para o seu ámbito de actividade.

b) Proxectos colectivos de simbiose industrial en que un grupo de empresas (cun mínimo de tres empresas independentes, opcionalmente coordinadas por un organismo intermedio colaborador) aborda un proxecto ASG para mellorar o uso dos recursos e reducir os impactos ambientais ou propor actuacións de impacto social de maneira conxunta. A simbiose industrial facilita o impacto social, o intercambio de enerxía, materiais, auga e subprodutos para pechar os ciclos de materiais e enerxía, maximizar o uso de residuos e minimizar o uso de materia prima.

2. Os proxectos propostos, tanto na modalidade a) como na b) deben dirixirse a un ou varios dos 18 obxectivos que se agrupan en 4 tipoloxías: globais, ambientais, sociais ou gobernanza.

• Globais:

1. Auditoría e avaliación de riscos ASG: proxectos de identificación, diagnose e propostas de xestión dos riscos relacionados cos factores ASG.

2. Consultoría e certificación de empresa B Corp.



- Ambientais:

Redución do consumo de recursos no proceso produtivo:

3. Redución do consumo de recursos naturais, materias primas e semielaborados.

4. Mellora da eficiencia enerxética (sistemas de control e optimización intelixente de consumos, excluído todo o relacionado con fontes, xeradores ou produción enerxética).

5. Monitoraxe e control de procesos.

6. Medición, monitoraxe e redución de pegada de carbono e pegada hídrica.

Redución da xeración de residuos no proceso produtivo, a perigosidade destes e/ou facilitar a súa reutilización, valorización e/ou reciclaxe:

7. Redución e/ou reutilización de residuos e subprodutos.

8. Clasificación e/ou valorización de residuos e subprodutos.

9. Deseño e desenvolvemento de envases e embalaxes ecoeficientes.

10. Consultoría e certificación de ecodeseño: ISO 14006.

Análise do ciclo de vida do produto:

11. Incorporación de criterios de sustentabilidade nas compras.

12. Análise de ciclo de vida e implantación de estratexias de deseño sustentable baseadas no principio «berce a berce».

- Sociais:

13. Diversidade e inclusión: elaboración de plans de fomento dun contorno de traballo inclusivo e diverso, promoción da igualdade de oportunidades e da diversidade en todos os niveis da empresa.

14. Ética laboral: propostas de prácticas laborais xustas e éticas para asegurar condicións de traballo seguras e respectuosas.



15. Elaboración de programas de investimento na Comunidade: participación en actividades que beneficien ás comunidades locais, programas de educación, saúde ou desenvolvemento comunitario.

• Gobernanza:

16. Estruturas das xuntas directivas: análises e propostas de establecemento de xunta directiva diversa e independente que supervise e guíe as decisións estratéxicas da empresa.

17. Transparencia financeira: propostas de mellorar a información financeira e a súa divulgación para garantir a transparencia.

18. Ética empresarial: desenvolvemento de códigos de conducta empresarial que promovan a ética e a integridade en todas as operacións.

3. Límites inferiores e subvención máxima:

	Importe mínimo por empresa	Subvención máxima por empresa	Subvención máxima por proxecto	Subvención máxima en proxectos só de consultoría, por empresa
Proxectos individuais	12.000	60.000	60.000	30.000
Proxectos colectivos	10.000	50.000	200.000	25.000

– Cando un proxecto individual ou colectivo, só de consultoría, se refira a un traballo específico para un só dos 18 obxectivos previstos, o importe máximo subvencionable por empresa será de 15.000 €.

– Nos supostos en que se prevé a certificación, os custos de certificación non se consideran incluídos nos límites anteriores establecidos para custos de consultoría.

Artigo 2. Procedemento e réxime de aplicación

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria.

3. As axudas previstas nestas bases incardínanse nos artigos 14 e 18 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior (DOUE L 187, do 26 de xuño).



Artigo 3. Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas

Estas axudas son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas, xa que prevén outorgar as porcentaxes máximas permitidas aos proxectos subvencionados.

A obtención doutras axudas ou subvencións concorrentes deberá comunicárselle ao lgape tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente a documentación xustificativa do proxecto realizado. Antes de conceder e pagar a axuda, solicitarase da empresa unha declaración sobre calquera axuda recibida para este mesmo proxecto. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 4. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes), segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos os empresarios autónomos, e que teñan un centro de traballo en Galicia no cal se vaia realizar o proxecto.

2. Para poder solicitar as axudas á tipoloxía de proxectos colectivos descritos no artigo 1.b), as persoas interesadas deberán previamente constituír unha agrupación das previstas no artigo 8.3 da Lei 9/2007. A dita agrupación terá que estar constituída polo menos por tres pemes con centro de traballo en Galicia. Deberanse facer constar expresamente nun documento os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, nomearase un representante único da agrupación (en diante, o líder), único interlocutor coa Administración ata a resolución de concesión. Unha vez concedidas as axudas individuais a cada peme, cada unha delas será independente para a tramitación da xustificación e liquidación da súa axuda. No caso de que o proxecto das pemes estea coordinado por un organismo intermedio, este non formará parte da agrupación.

O documento contractual de regulación da agrupación deberá recoller, como mínimo, o seguinte:

a) Identificación de cada un dos seus integrantes por razón social, NIF, e nome e DNI do representante legal.



b) Acordo de representación da agrupación e elección do representante desta ante a Administración para os efectos de interlocutor con ela.

c) Recoñecemento dos compromisos asumidos por cada un dos integrantes da agrupación en canto ás características do proxecto que se presenta descrito no formulario electrónico de solicitude de axuda e á execución individual dos investimentos e gastos de cada peme participante.

d) Acordos de confidencialidade.

e) Xestión da agrupación e plan de contingencias ante posibles dificultades.

f) Autorización ao Igape para recadar os datos doutras administracións que sexan necesarios para a tramitación da solicitude, que se cubrirá no anexo III das bases reguladoras.

g) Declaración de vinculación entre empresas integrantes da asociación, cando esta exista.

h) Sinatura de todos os integrantes.

A agrupación de empresas non poderá disolverse ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007.

No caso de que exista vinculación entre algunhas empresas da agrupación, as empresas vinculadas contarán como unha única para os efectos da avaliación do proxecto. Se todas elas estivesen vinculadas, avaliaríase o proxecto como varias solicitudes individuais.

3. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias:

a) As empresas que sexan prestadoras dos mesmos ou similares servizos ou subministradoras dos mesmos ou similares equipamentos para os cales solicitan a axuda.

b) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade (agás empresarios autónomos), que careza de personalidade xurídica propia, aínda que realice actividade empresarial, nin nos proxectos individuais (modalidade a) nin como pemes membros das agrupacións previstas nos proxectos colectivos (modalidade b).



c) As empresas en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007.

d) As que entren dentro da categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 2.18 do Regulamento xeral de exención (Regulamento CE 651/2014).

e) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

f) As empresas que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 €, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Esta circunstancia será acreditada por parte das sociedades que, de acordo coa normativa contable, poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, de conformidade co previsto no artigo 26 do Regulamento desta lei.

Para as sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada establécese a necesidade de acreditar o cumprimento dos prazos legais de pagamento mediante certificación, emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que atenderá ao prazo efectivo dos pagamentos da empresa cliente con independencia de calquera financiamento para a cobranza anticipada da empresa provedora.

4. As persoas solicitantes da axuda cubrirán no formulario electrónico de solicitude unha declaración responsable de non estar en ningunha situación que as exclúa de ser beneficiarias conforme este artigo. O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias non incorren en ningunha das circunstancias enumeradas no número 18 do artigo 2 do Regulamento 651/2014 para considerar unha empresa en crise.

Artigo 5. *Actividades non subvencionables*

1. De acordo coa norma que dá cobertura a estas bases, Regulamento xeral de exención por categorías (Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión), exclúense de axuda as seguintes actividades:

a) A produción e comercialización agrícola primaria.



b) As recollidas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) nº 1184/2006 e (CE) nº 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

Respecto aos investimentos e non aos custos de asistencia técnica, exclúense tamén os realizadas nos seguintes sectores de actividade:

a) Os sectores do aceiro, o lignito e o carbón.

b) O sector do transporte.

2. Exclúense tamén as seguintes actividades:

a) A produción e distribución de enerxía e infraestruturas enerxéticas.

b) A fabricación, a transformación e a comercialización de tabaco e produtos do tabaco.

c) A produción, a transformación, o transporte, a distribución, o almacenamento ou a combustión de combustibles fósiles.

Artigo 6. *Conceptos subvencionables*

1. Poderanse subvencionar os seguintes tipos de conceptos:

a) Activos materiais e inmateriais (que para ser subvencionables deben contabilizarse nunha conta contable do grupo 2):

i. Sensores, equipamentos e sistemas para a medición, monitorizaxe, seguimento e control de parámetros produtivos e ambientais.

ii. Hardware e software intelixente para proceso da información cando sirva ao aforro de insumos e de consumo de recursos hídricos ou enerxéticos ou ben para a redución da produción de refugallos, así como os gastos de desenvolvemento do devandito software. En ningún caso serán subvencionables os gastos de mantemento ou o canon dixital.



iii. Nova maquinaria e bens de equipamento, unicamente no caso de que se trate de equipamentos destinados á reutilización ou reciclaxe *in situ* de refugallos producidos nos procesos da empresa.

b) Servizos de consultoría externa, de deseño de procesos ou de produtos máis eficientes, ou organizativa (que para seren subvencionables debe contabilizarse nunha conta contable do grupo 6): asistencia técnica, ecodeseño, reenxeñaría de procesos, programas de responsabilidade social ou propostas dirixidas a mellorar a gobernanza, a xestión de riscos ASG ou cara á certificación B Corp. As colaboracións externas subvencionables deberán contribuír aos obxectivos específicos do proxecto e, polo tanto, non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normais da empresa como son os servizos rutineiros de asesoría fiscal, os servizos xurídicos periódicos ou os de publicidade, servizos de mantemento nin calquera outro non vencellado directamente ao obxecto do proxecto ASG proposto. Tamén serán subvencionables os custos das certificacións previstas nomeadas no número 2 do artigo 1.

Os conceptos subvencionables poderán reclasificarse de oficio atendendo á súa descripción.

Non serán subvencionables aquelas colaboracións externas en que non se indique con claridade o resultado que se vai obter, os entregables previstos e como se integrará ese traballo no resultado final global do proxecto.

Nos proxectos da modalidade colectiva do artigo 1.1.b), se se opta por contar cun organismo intermedio, serán subvencionables os gastos de coordinación do proxecto ata un máximo de 1.000 €/empresa (IVE excluído) participante no proxecto, co límite total de 6.000 €. Ese importe considerarase gasto subvencionable de consultoría externa e dividirse entre todas as pemes participantes.

2. As pemes beneficiarias de subvención deberán achegar unha contribución financeira a estes, exenta de calquera tipo de apoio público, de polo menos un 25 % do importe subvencionable, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

3. Os investimentos e gastos subvencionables non poderán ter comezado antes da presentación da solicitude de axuda no Igape. Ningún dos importes alegados sobre os cales se solicita subvención poderá ser incorrido con carácter previo a esta presentación; de ser así, o proxecto desa peme sería non subvencionable. Para tal efecto, o solicitante deberá



achegar unha declaración expresa, incluída no formulario electrónico de solicitude de axuda a que se refire o artigo 8 destas bases. Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando exista un primeiro compromiso en firme para a execución das obras ou para a adquisición dalgún dos elementos integrantes do proxecto, entendéndose por proxecto calquera dos investimentos comprendidos na solicitude da axuda. Neste sentido, considérase que existe compromiso en firme no caso da existencia dun contrato ou oferta asinado entre as partes, ou da existencia dun pedido, para calquera dos elementos subvencionables.

Para estes efectos, determinados traballos preparatorios, como a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio dos traballos.

4. O período de execución dos gastos e investimentos subvencionados denomínase prazo de execución do proxecto e abranguerá desde a data de presentación da solicitude ata o remate do prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá, en ningún caso, superar a data para a execución dos proxectos establecida na resolución de convocatoria.

5. Se é o caso, os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de execución do proxecto, debendo constar neste momento o vencemento e pagamento de todas as cantidades aprazadas e efectuados todos os pagamentos por calquera concepto.

6. Os bens e os servizos subvencionados deberán ser adquiridos a terceiros.

7. Cando o importe dos investimentos ou gastos subvencionables superen as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no momento de publicar estas bases), o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á súa contratación, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren.

Con carácter xeral, para cada elemento será subvencionable o importe correspondente á oferta de menor prezo de entre as comparables. Excepcionalmente, cando a solicitante non escolla a oferta de menor prezo, poderá considerarse subvencionable o importe da oferta elixida cando acredite que se trata da oferta economicamente máis vantaxosa logo da valoración de diferentes criterios técnicos adicionais ao prezo.



En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

8. O investimento terá que incluírse no activo da empresa e manterse no centro de traballo en Galicia durante os 3 anos seguintes ao remate do prazo de execución do proxecto. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante este período. Neste caso, deberá quedar constancia contable e no inventario da empresa da substitución efectuada.

9. No caso de investimento en activos intangibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse en condicións de mercado a terceiros non relacionados co comprador. Este extremo acreditarase coa declaración expresa do beneficiario no formulario de solicitude de cobramento.

10. Os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 43.2 do Decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

11. Non se considerará o IVE como gasto subvencionable.

Artigo 7. *Contía da axuda*

1. Investimentos: a subvención será do 35 % dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas.

2. Colaboracións externas: a subvención será do 50 % dos gastos de colaboracións externas en servizos de consultoría ou certificación subvencionables para ambas as categorías de empresa, pequenas e medianas. Os gastos do organismo intermedio previstos no artigo 3.1.f), de existiren, terán tamén a consideración de colaboracións externas.



Artigo 8. Forma e lugar de presentación das solicitudes

1. Para presentar a solicitude, a entidade solicitante deberá cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias da persoa solicitante e do proxecto para o cal solicita a subvención, a través da aplicación establecida no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>. Deberá cubrir necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda.

2. Presentarase unha solicitude por proxecto en modalidade individual ou colectiva. No caso de que o proxecto conteña unha mestura de varias tipoloxías (global, ambiental, social, gobernanza) en que se agrupan os obxectivos descritos no artigo 1, os solicitantes deberán clasificalo dentro dalgunha das tipoloxías definidas en función da que se considere principal ou máis salientable.

As pemes poderán presentar un único proxecto individual e participar tamén nunha ou máis agrupacións, sempre que os investimentos e gastos de cada unha das solicitudes sexan distintos.

Cada agrupación só poderá presentar un proxecto colectivo.

3. Nas solicitudes de axuda realizaranse as seguintes declaracións, que estarán incluídas no devandito formulario no caso dos proxectos individuais, ou no anexo III no caso dos colectivos:

a) Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

b) Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

c) Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión Europea.

d) Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.



e) Que a entidade solicitante cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a esta declaración de peme, ou na documentación que fose requirida para acreditala, dará lugar á perda do dereito á cobranza e, se é o caso, ao reintegro da subvención percibida, o que constitúe unha infracción moi grave tal e como establece o artigo 56.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e pódense impoñer as seguintes sancións:

1) Multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida.

2) Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción exceda os 30.000 €, concorrendo algunha das circunstancias previstas nas alíneas b) e c) do número 1 do artigo 58 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os infractores poderán ser sancionados, ademais:

i) Coa perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da Administración ou outros entes públicos.

ii) Coa prohibición durante un prazo de ata cinco anos para subscribir contratos coa Administración ou outros entes públicos.

iii) Coa perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as cales se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

f) Que a entidade solicitante non iniciou os investimentos e que non existe acordo irrevogable para realizar o proxecto.

g) Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados.



h) Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un prazo de catro anos desde a súa presentación.

i) Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter os investimentos subvencionados destinados ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención durante o período de 3 anos, segundo o establecido no artigo 6.8 destas bases reguladoras.

j) Que os provedores non están asociados nin vinculados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

